

1998

OS NÓS ESCRITORES

Estudou en Vigo pero a súa cultura fíxose lendo, via-
xando e estudiando o que a fascina por riba de todo: a
vida.

Dende moi nova viaxou por Europa cos seus pais, e en
1949 marcha a Bos Aires, onde vive catro anos e onde ten
a súa única filla. En 1954 marcha ós Estados Unidos para
acadar un mellor coñecemento da lingua e da cultura ame-
ricana. Volta a Vigo e aínda sae a percorrer o mundo que
tanto lle interesa.

Entre outras obras, ten publicado en galego *Cantigas de
vento* (1956), *Canibal d'ouro* (1962), *Cantiga de amigo a Ramón
G. Sierra do Pampillon* (1972), *A sombra ergueita* (1976),
Cantigas para un tempo esquencido (1986), *Meditacións á beira da
noite* (1997), e o Conto, *O paxariño de Sevilla* en prosa
(1998), ademais de oito libros en castelán, algunhas tra-
duccións e diversas colaboracións en revistas literarias e na
prensa.

Cada minuto o tempo
acoítélame unha bágoa
que grida por saír do meu peito,
como o afogado das augas temerosas
que negan a orela do silencio.

Que pulan por deixar a dolor
navegar de mar a mar
co dereito de ter sido
unha fiestra atenta a ise espacio
onde enfeitiza o sentimento do esquezno.

Cada minuto e cada oco dise tempo
desfai a superficie das augas temerosas
que irremisiblemente desacouga o vento.

(De *Meditacións á beira da noite*)





M.ª do Carme Kruckenberg
(Vigo, 1926).



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural